

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE XULLO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de xullo de 2023, baixo a presidencia da Excmá. Sra. Alcaldesa D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o secretario xeral do pleno en substitución do vicesecretario accidental, don Rafael José del Barrio Berbel, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para rehabilitación de dúas edificacións nas rúas Becerreá, número 1 e rúa Pintor Luis Seoane, número 7 (Exp: 2022/Y001/000014); para instalación dun ascensor e baixada a cota cero no edificio sito na rúa Illas Cíes, número 22 (Exp: 2023/Y001/000021); para construír unha residencia de persoas maiores na Avenida Alfonso X 'O Sabio' (Exp: 2023/Y001/000004) e para construír un cobertizo para aperos agrícolas en Vilaestévez, San Xoán do Alto (2022/Y001/000133).

- Acórdase denegar as seguintes licenzas urbanísticas: para a construción dun alpendre para usos varios, que permita guardar aperos e maquinaria, en parcela que se destina a horta e cría de cans, en San Mamede dos Anxos (Exp: 2023/Y001/000037) e para a construción de almacén agrícola, anexo a vivenda, en Canedo de Abaixo, número 3, O Burgo (Exp: 2023/Y001/000078).

- Aprobouse a relación de documentación e instancias para a tramitación dos títulos de habilitación urbanística e das actividades.

**2. FACENDA LOCAL.-** Acórdase aprobar a regularización tributaria no expediente de denegación de licenza urbanística para construción auxiliar vinculada á edificación unifamiliar existente en Campo da Barra 2 (Parroquia de San Pedro de Soñar) e, polo tanto, a liquidación provisional correspondente ao concepto da taxa por prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións instalacións e obras e tamén se aprobou a regularización tributaria no expediente de denegación de licenza urbanística para construción de almacén agrícola en Camoira-Santo Estevo e, polo tanto, a liquidación provisional correspondente ao concepto da taxa por prestación de servizos urbanísticos.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac31328817981854812.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2023

- Acórdase aprobar a anulación do recibo IVTM -baixa definitiva- do vehículo matrícula ZA 34753; o outorgamento da exención do IVTM do vehículo con matrícula LE5819AF; a devolución do IVTM do vehículo matrícula 7015DCM e dos xuros de mora; a exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula LU6394W e a anulación e liquidacións IVTM para os vehículos matrículas LU 0077 F e C-6812-AP.

- Acórdase denegar a exención da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 6884JSX.

- Acórdase anular diversos recibos IVTM correspondentes ao exercicio 2022, e á baixa no padrón do IVTM dos vehículos con matrículas O-0871-AS e 9230 FJR.

- Acórdase rectificar a liquidación provisional polo ICIO e pola taxa licenzas urbanísticas no expediente licenza 2021/Y001/000248.

- Acórdase a devolución da taxa por ocupación da vía pública realizada con contenedores no exercicio 2023 e os xuros de mora dende o día de cobro das autoliquidacións ó titular do DNI número \*7537P e a devolución da taxa por ocupación da vía pública realizada con contenedores na rúa Nicomedes Pastor Díaz nº 35 de 11/03/2023 a 05/04/2023 e os xuros de mora, á titular do DNI número \*7851J.

**3. CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS.-** Acórdase aprobar a modificación do contrato de obra do “Proxecto Básico e de Execución de Reparación de Patoloxías no Auditorio de Lugo”. Exp. Ref. 2022/C002/000017; acórdase a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local número 27/506 de data 05/07/2023 polo que se adjudica a contratación do servizo de reprografía do Arquivo Municipal de Lugo. Exp. Ref. 2023/C003/000021 por erro de transcripción na descrición das copias obxecto do contrato; a rectificación da disposición primeira do acordo da Xunta de Goberno Local número 3/746 de data 07/06/2023 polo que se adjudica a contratación da prestación dos servizos de colaboración na inspección tributaria municipal. Exp. Ref. 2022/C003/000027 por erro aritmético no importe total do contrato para os 3 anos de duración do contrato; a adjudicación da contratación da obra Renovación Eléctrica do Interior do Pavillón Municipal de Deportes (Lugo) incluído no programa operativo FEDER Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80% (Exp. Ref. 2023/C002/000006); establecer un novo prazo de licitación de 26 días naturais para a presentación de ofertas no procedemento de Concesión Demanial para o uso privativo de local no Vello Cárcere para a explotación dun servizo de cafetería-restaurante. Exp. Ref. 2022/C005/000013 e a prórroga do contrato de Servizo de Maquetación, Edición e Distribución do Programa Oficial de Festas San Froilán 2023. Exp. Ref. 2022/C003/000017.

**4. FOMENTO.-** Acordouse aprobar o texto e proceder á sinatura da Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos do Concello e tamén se acordou a ratificación do Convenio interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para o financiamento de gastos derivados da celebración das Festas do San Froilán 2023.

**5. PERSOAL.-** Aprobáronse as bases específicas para acceso en propiedade á praza de encargado/a monitor/a educación vial, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2020); as bases específicas para a cobertura en propiedade dunha praza de oficial albanel, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2020); as bases específicas para a cobertura en propiedade dunha praza de oficial fontaneiro pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2020); as bases específicas a cobertura en propiedade dunha praza de operario/a de cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade intelectual (OEP 2020) e as bases específicas para a cobertura en propiedade de tres prazas de traballadores/as sociais pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (2 OEP 2020, 1 OEP 2022).

- Así mesmo aprobouse a OPE sectorial do Concello de Lugo para o ano 2023 para prazas de policía local.

#### **ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

**6. CULTURA.-** Aprobáronse os seguintes convenios reguladores de subvencións de carácter nominativo; a Correlingua (G-70.325.683), por importe de 3.000,00 € para a realización da actividade: "Correlingua 2023"; a Amigos do jazz (G-27.112.796), por importe de 25.000,00 € para a realización da actividade: "Festival de jazz 2023"; a Fonmiñá (G-27.011.865), por importe de 20.400,00 € para a realización da actividade: "Semana de cine 2023"; a Manuel María (G-70.109.376), por importe de 4.000,00 € para a realización da actividade: "Divulgación Legado Manuel María"; a Escritores en Lingua Galega (G-15.039.936), por importe de 6.000,00 € para a realización da actividade: "Gala premios mestras e mestres da memoria" e á Xnta de Confrarías (V-27.294.891), por importe de 6.000,00 € para a realización da actividade: "Semana Santa 2023".

#### **ÁREA DA ALCALDÍA**

**7. ACTAS E GOBERNO.-** Aprobouse a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local (Corporación 2023-2027).

## ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac31328817981854812.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2023

### **Fóra da orde do día aprobáronse os seguintes asuntos:**

- O proxecto modificado das obras de “Rehabilitación de edificio existente e ampliación en edificio independente para equipamento comunitario”, incluído no programa operativo FEDER Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%, Exp. Ref. 2022/C002/000003.

- A convalidación por omisión da fiscalización no expediente de aboamento aos concelleiros das asistencias ás sesións de Xunta de Goberno Local, celebradas durante os meses de maio e xuño de 2023.

- A convalidación por omisión da fiscalización no expediente de aboamento aos concelleiros das asistencias ás sesións do Excmo. Concello Pleno, celebradas durante os meses de maio e xuño de 2023.

**Asinado dixitalmente polo secretario xeral do Pleno, por suplencia do vicesecretario, don Rafael José del Barrio Berbel e polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.**